



## ACTUALIZACIÓN DAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA

No Plan de convivencia do centro figura o seguinte:

“9.5 Uso de teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos.

O uso de teléfonos móbiles ou outros dispositivos electrónicos de comunicación ou de grabación no están permitido ao alumnado dentro do recinto escolar.”

Trala publicación da *Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos* vemos necesario precisar o seguinte:

- A prohibición de uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos (reloxes intelixentes e outros similares) como mecanismo de comunicación establecida durante os períodos lectivos debe estenderse tamén, con carácter xeral, á totalidade da xornada escolar, incorporando os períodos non lectivos. En consecuencia, non se permitirá durante a xornada escolar o emprego libre destes dispositivos. Considéranse aos efectos deste protocolo como períodos non lectivos os seguintes: as entradas e saídas, o tempo de recreo, de comedor escolar e os períodos dedicados ao desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.
- O profesorado poderá autorizar o emprego puntual de teléfonos móbiles ou outros dispositivos electrónicos na aula como ferramenta pedagóxica baixo a súa supervisión. Para iso, o profesorado avisará con antelación ao alumnado e, se é preciso, ás familias, da actividade que se vai a desenvolver e das normas para unha correcta utilización dos dispositivos.
- Nas actividades extraescolares organizadas polo centro que impliquen pernocta, o uso de teléfonos móbiles estará permitido para comunicarse coas familias no horario que determine o profesorado que organice a actividade e baixo supervisión deste.